

EXPEDIENTE:	2022/00043870V
PROCEDIMENTO:	Plan especial de ordenación

A Xunta de Goberno Local do Concello de Santiago de Compostela, na sesión ordinaria celebrada o 26 de decembro de 2022 adoptou o seguinte acordo:

Solicitude de inicio de avaliación ambiental estratéxica simplificada do Plan especial de protección e rehabilitación da igrexa, hospital psiquiátrico e mosteiro de Conxo cos seus xardíns e hortas, zonas de acceso e núcleos da contorna (PE-1R)

A proposta é do seguinte teor literal:

O Plan especial, elaborado polo equipo técnico CRECENTE ASOCIADOS, formúlase polo Consorcio de Santiago, de conformidade cun convenio de colaboración asinado co Concello de Santiago.

1. Planeamento vixente

O PXOM delimita o ámbito do PE-1R, coa clasificación de solo urbano consolidado, remitindo a súa ordenación detallada a un Plan especial.

A maior parte dos terreos afectados teñen a cualificación de sistema xeral de equipamento sanitario (S-2), existindo no ámbito tamén outras dotacións de sistema local (R-28, DM-11, AS-23, S-10, AS-11, ZL-43 e ZL-155).

No artigo 84 da normativa do PXOM regúlanse as determinacións aplicables para elaborar o Plan especial.

2. Obxecto e finalidade do plan especial

O plan especial previsto no plan xeral ten a consideración de plan especial de infraestruturas e dotacións segundo o artigo 81 do PXOM, pero no artigo 84 se configura como un Plan especial de protección do conxunto histórico e do seu contorno, no que se emprazan os núcleos de Campo de Conxo e Conxo de Abaixo¹.

Así, e de conformidade co disposto no artigo 84, o plan especial deberá definir a ordenación detallada, con criterios de protección, tanto do ámbito da dotación pública S-2 -de uso sanitario, asistencial, docente, investigación e deportivo-, como dos núcleos arredor da rúa do Campo de Conxo. O artigo 84.3 do PXOM sinala os seguintes parámetros de referencia para a ordenación dos barrios afectados:

Ocupación máxima de parcela tipo: 50%.

¹ A través dunha Orde ministerial de 30 de abril de 1976 ampliáronse as zonas monumentais de Santiago de Compostela, incorporando o “*Monasterio de Conjo, con su plaza y entorno y el núcleo pintoresco conocido como Conjo de Abajo*”

Altura de edificación: baixo e unha e media planta.

Usos: vivenda unifamiliar e colectiva.

3. Avaliación ambiental estratéxica

O artigo 46.2 da LSG dispón que o planeamento de desenvolvemento será obxecto de avaliación ambiental simplificada, regulándose nos artigos 75.3 da mesma Lei e 186.3 do seu Regulamento o procedemento a seguir para realizar a citada avaliación, con carácter previo á aprobación inicial do plan.

Para tal efecto o Concello deberá remitir ao órgano ambiental a seguinte documentación:

- BORRADOR do plan, no que se conterán polo menos *as liñas esenciais do planeamento*, de xeito que *permita debater os seus criterios, obxectivos e solucións xerais*.
- DOCUMENTO AMBIENTAL ESTRATÉXICO (DAE), co contido mínimo esixido polo artigo 29 da Lei 21/2013 de avaliación ambiental (LAA):
 - a) *Los objetivos de la planificación.*
 - b) *El alcance y contenido del plan propuesto y de sus alternativas razonables, técnica y ambientalmente viables.*
 - c) *El desarrollo previsible del plan o programa.*
 - d) *Una caracterización de la situación del medio ambiente antes del desarrollo del plan o programa en el ámbito territorial afectado.*
 - e) *Los efectos ambientales previsibles y, si procede, su cuantificación.*
 - f) *Los efectos previsibles sobre los planes sectoriales y territoriales concurrentes.*
 - g) *La motivación de la aplicación del procedimiento de evaluación ambiental estratégica simplificada.*
 - h) *Un resumen de los motivos de la selección de las alternativas contempladas.*
 - i) *Las medidas previstas para prevenir, reducir y, en la medida de lo posible, corregir cualquier efecto negativo relevante en el medio ambiente de la aplicación del plan o programa, tomando en consideración el cambio climático.*
 - j) *Una descripción de las medidas previstas para el seguimiento ambiental del plan.*

Segundo o informe emitido polo arquitecto Xefe do Servizo de Planeamento, o Documento ambiental estratéxico e o Borrador do plan, elaborados por CRECENTE ASOCIADOS, teñen a precisión suficiente para avaliar a incidencia ambiental.

Polo exposto, e considerando:

1. Que polo arquitecto Xefe do Servizo de Planeamento emitíuse informe favorable á remisión da documentación presentada ao trámite ambiental.

2. Que a citada documentación reúne o contido mínimo esixido pola lexislación aplicable (artigo 29 da Lei 21/2013, *de avaliación ambiental* e 186.3 do *Regulamento da Lei do Solo de Galicia*).
3. Que, segundo informe emitido pola Asesoría Xurídica Municipal o 17.04.2015, o órgano *substantivo* competente para solicitar a avaliación ambiental é a Xunta de Goberno, ao ser o que ten atribuída a competencia para aprobar inicialmente o planeamento de desenvolvemento do plan xeral.

4. Proposta de resolución

Á vista de canto antecede, propónse á Xunta de Goberno Local, que adopte os seguintes acordos:

Primeiro. Remitir á Secretaría Xeral de Calidade e Avaliación Ambiental a solicitude de inicio do procedemento de avaliación ambiental estratéxica simplificada do *Plan especial de protección e rehabilitación da igrexa, hospital psiquiátrico e mosteiro de Conxo cos seus xardíns e hortas, zonas de acceso e núcleos da contorna (PE-1R)*, formulado polo Consorcio de Santiago.

A solicitude achegarase do Documento ambiental estratéxico (DAE) e do Borrador do plan asinados polo equipo redactor CRECENTE ASOCIADOS, presentados o 13 de decembro de 2022.

Segundo. Solicitar do órgano ambiental que dea cumprimento aos trámites esixidos pola lexislación aplicable na materia (75.3 da LSG, 186.3 do seu Regulamento de desenvolvemento, e 30 e seguintes da LAA).

Con carácter previo á aprobación inicial, deberán solicitarse os informes da administración do Estado en materia de estradas e infraestruturas ferroviarias.

Ao se tratar dun plan especial de protección que contén a ordenación detallada do solo urbano consolidado, con carácter previo á aprobación definitiva deberá remitirse a informe preceptivo e vinculante da Consellería (artigos 75.1.e) da LSG e 186.1.e) do seu Regulamento)

A Xunta de Goberno Local acorda:

Primeiro. Remitir á Secretaría Xeral de Calidade e Avaliación Ambiental a solicitude de inicio do procedemento de avaliación ambiental estratéxica simplificada do *Plan especial de protección e rehabilitación da igrexa, hospital psiquiátrico e mosteiro de Conxo cos seus xardíns e hortas, zonas de acceso e núcleos da contorna (PE-1R)*, formulado polo Consorcio de Santiago.

A solicitude achegarase do Documento ambiental estratéxico (DAE) e do Borrador do plan asinados polo equipo redactor CRECENTE ASOCIADOS, presentados o 13 de decembro de 2022.

Segundo. Solicitar do órgano ambiental que dea cumprimento aos trámites esixidos pola lexislación aplicable na materia (75.3 da LSG, 186.3 do seu Regulamento de desenvolvemento, e 30 e seguintes da LAA).

Con carácter previo á aprobación inicial, deberán solicitarse os informes da administración do Estado en materia de estradas e infraestruturas ferroviarias.

Ao se tratar dun plan especial de protección que contén a ordenación detallada do solo urbano consolidado, con carácter previo á aprobación definitiva deberá remitirse a informe preceptivo e vinculante da Consellería (artigos 75.1.e) da LSG e 186.1.e) do seu Regulamento)